

{ FLASH }

## Harambee, por África



Joan Ribot

O PASADO día 5, en Roma, tivo lugar unha xornada sobre as realizacións levadas a cabo polos proxectos educativos que Harambee ven desenvolvendo en África dende hai dez anos.

Cando en África se necesita que todos colaboren con todos, utilízase esa expresión. Que hai unha familia en apuros? Harambee! Que hai que facer un camiño? Harambee! Todos dan e todos reciben. Os 46 proxectos promovidos por Harambee realizáronse en 17 países, desenvolvendo as actuacións propostas polas contrapartes locais, por ser as que mellor coñecen as necesidades da zona; ou colaborando noutros

xa existentes. A iniciativa xurdiu hai dez anos, con motivo da canoización de San Xosemaría, para poñer en práctica a súa mensaxe social; e finánciase a través dos donativos que conseguen os comités que Harambee ten en 11 países, como EEUU, Italia, España, R.D. Congo ou Nixeria.

Ao longo da xornada expuxéronse proxectos a través dos que se facilitou material a escolas rurais e de formación en hostalería

**Os mestres africanos non só están a educar a uns nenos, senón que están a cambiar África**

a rapaces en Camerún; e de técnicas de cultivo en Angola. En Nixeria promoveuse o ascenso social e cultural do alumnado, e en Sudán formáronse educadores para os campos de refuxiados.

A canosiana Sor Liliana Ugoletti explicou a axuda que prestan a rapazas que son obrigadas a casar con vellos e fuxen ao deserto ao ser compradas por un camello ou unhas cabras. As que non morren por frío ou fame, facilitanlles aloxamento e educación coa colaboración de Harambee.

Monseñor Vella, bispo de Madagascar, falou das escolas que se crearon no país, onde nos últimos cinco anos 700.000 nenos deixa-

ron de asistir á escola primaria debido á ruptura dos vínculos familiares.

Na Strathmore University, Harambee está a colaborar co Ministerio de Instrución de Kenia na recualificación profesional dos educadores, dando formación a todos os mestres das escolas primarias do país.

Segundo a representante do comité Harambee francés, Noëlle Muller, “non só queremos construír escolas, senón que nelas se aprenda. Os mestres africanos non só están a educar a uns nenos, senón que están a cambiar África”.

*Licenciado en Dereito*